

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Meijón Couselo, Francisco Cerviño González, Carmen Acuña do Campo e Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na comunidade educativa de Pontedeume estase a crear unha fonda alarma social debido aos incumprimentos e nefasta xestión por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no inicio do curso escolar 2011-2012.

Debemos remarcar ademais que son varios os centros educativos do concello de Pontedeume que están a sufrir continuas incidencias e, especialmente, redución de prazas docentes o que sen dúbida está a contribuír a unha escolarización deficiente do alumnado deste concello.

A modo de relatorio básico, podemos indicar:

- Peche das escolas de Boebre e Ombre ao non cubrir a Consellería de Educación as baixas do persoal docente de ditos centros educativos.
- No CEIP de Andrade aínda está sen nomear o docente de apoio a Educación Infantil.
- No IES Breamo a ratio en Educación Física e Plástica continúa por encima do que marca a normativa actual por falta de profesorado.
- No IES Breamo segue sen definirse a continuidade do persoal de Pedagogía Terapéutica.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a situación creada no inicio do curso 2010-2011 nos centros educativos do concello de Pontedeume?
2. De ser así, que valoración realiza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de tales feitos?

3. Cales son as medidas que pensa adoptar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dotar aos centros educativos do persoal docente que demandan as respectivas comunidades educativas dos distintos centros do concello de Pontedeume? En que prazo?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2010

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Francisco Cerviño González
Carmen Acuña do Campo
Concepción Burgo López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia